

PRETO DE 400 ESTUDANTES DA ÁREA DE VIGO PARTICIPARON NO OBRADOIRO "REIMAXINA A CIENCIA"

- *Trátase dunha acción formativa para axudar á mocidade a entender, a través do humor, que é investigación científica e os ensaios clínicos para o desenvolvemento de medicamentos*
- *A actividade está desenvolvida por investigadoras e investigadores do grupo Big Van Ciencia, asociación científica nacional que divulga a ciencia e a tecnoloxía dun xeito divertido*

Vigo, 6 de febreiro de 2024. Preto de 400 rapazas e rapaces de centros educativos da Área Sanitaria de Vigo participaron onte no programa *Reimaxina a Ciencia-Galicia 2024*, unha iniciativa da Consellería de Sanidade, desenvolvida a través da Axencia Galega do Coñecemento en Saúde (ACIS) en colaboración co Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur.

O obxectivo deste obradoiro é axudar á mocidade a través do humor a entender que son os ensaios clínicos para a investigación e desenvolvemento de medicamentos, así como o persoal científico e os factores que interveñen nesta actividade.



No acto, celebrado no hospital Álvaro Cunqueiro, participou o alumnado de ESO e Bacharelato dos colexios Maristas-El Pilar, Barreiro, Bouza-Brey e IES do Castro de Vigo e de As Barxas, de Moaña.

Monólogos para explicar a ciencia

O programa o realizan científicas e científicos profesionais a nivel nacional adheridos á Asociación *The Big Bang Theory (Big Van Ciencia)* que, dende 2013, efectúan actividades por toda España tratando de contar como é a ciencia dun xeito accesible e divertido a



través de espectáculos en teatro, radio, televisión, publicacións... chegando incluso a outros países de Europa e América Latina.

Entre os obxectivos que se pretenden transmitir mediante estes monólogos, ademais de achegar aos nenos e nenas á realidade da investigación farmacéutica, é axudar a fomentar vocacións científicas entre o alumnado, en especial á hora de decantarse por perfís educativos STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas).

Vigo foi a primeira parada destes monólogos científicos sobre ensaios clínicos na Farmacia e contou con dúas sesións matinais deste espectáculo. Hoxe, desenvolverase en Santiago de Compostela e o día 7 en A Coruña.

Nesta edición de Reimaxina a Ciencia-Galicia 2024 prevese contar cun total de 1.160 alumnas e alumnos, pertencentes a vinte centros de toda Galicia.

Gala final

Tras a asistencia a estas actividades, convidarase ás e os escolares á participación nun concurso elaborando vídeos propios nos que mostrar a súa capacidade de comunicar ciencia.

Os vídeos seleccionados serán presentados en directo nunha gala amenizada por Big Van Ciencia. Un xurado composto por membros da comunidade cultural, educativa e científica elixirá o vídeo gañador.